

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

**1º - 2º - 3º DE EDUCACIÓN
PRIMARIA**

LINGUA ESTRANXEIRA: INGLÉS

MESTRE: Mª Gloria RiveroTizón

COLEXIO: C.E.I.P. Plurilingüe Outeiro das Penas

CURSO ESCOLAR: 2019 – 2020

ÍNDICE

INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.

O COLEXIO.

CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAIS.

CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS E COMPETENCIAS POR CURSO.

TEMPORALIZACIÓN DOS CONTIDOS.

AS UNIDADES DIDACTICAS

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN XERAIS.

CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS.

ACTIVIDADES.

MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.

DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS A ADOPTAR EN FUNCIÓNS DOS RESULTADOS.

MEDIDAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.

INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

O proceso de progresiva globalización no que, dende a segunda metade do século XX, se atopa inmerso o noso mundo, fai que sexa cada vez máis necesario facer fronte aos novos retos que se derivan da paulatina desaparición das fronteiras que tradicionalmente establecíanse entre países

no plano económico, político, cultural e social. Neste sentido, resulta evidente que dende as idades máis temperás a educación debe ter entre un dos seus principais obxectivos o de dotar os cidadáns de instrumentos útiles para desenvolver competencias que lles permitan adaptarse axeitadamente a unha nova sociedade cada vez máis interdependente e global.

A aprendizaxe de linguas estranxeiras cobra unha especial relevancia neste plano, xa que a capacidade de comunicación é o primeiro requisito que ha de cumprir o individuo para desenvolverse nun contexto crecentemente pluricultural e plurilingüe. Así recoñecérono todos os gobernos da Unión Europea, que ao longo dos últimos anos programaron diversas actuacións comunitarias en materia de educación co obxectivo último de facer posible que cada cidadán posúa un coñecemento práctico de polo menos dous idiomas ademais da súa lingua materna, e así reflectiuno tamén a normativa española, a cal, en consonancia con isto, outorga á capacitación para a comunicación nunha ou máis linguas estranxeiras uns lugares destacados entre os fins, á consecución da cal está orientado o noso actual sistema educativo.

O currículo básico para a etapa de Educación Primaria estrutúrase en torno a actividades de lingua tal como estas se describen no **Marco Común Europeo de referencia** para as Linguas: comprensión e produción (expresión e interacción) de textos orais e escritos. Os contidos, criterios e estándares están organizados en catro grandes bloques que se corresponden coas actividades de lingua mencionadas, eixe das ensinanzas da materia.

Na etapa de Educación Primaria deberá terse moi en conta que a parte dun nivel competencial básico polo que, tanto na interacción comunicativa coma na comprensión e produción de textos, resultará esencial remitirse sempre a contextos familiares para o alumnado desta idade, aproveitando así os coñecementos previamente adquiridos e as capacidades e experiencias que posúe.

De acordo coa LOMCE, o currículo estará integrado polos **obxectivos** de cada ensino e etapa educativa; as **competencias clave**, ou capacidades para activar e aplicar de forma integrada os contidos propios de cada ensino e etapa educativa, para lograr a realización axeitada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos, os **contidos**, ou conxuntos de coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes que contribúen ao logro dos obxectivos de cada ensino e etapa educativa e á adquisición de competencias; a **metodoloxía didáctica**, que comprende tanto a descrición das prácticas docentes como a organización do traballo dos docentes; os **estándares** e

resultados de aprendizaxe avaliáveis; e os **criterios de avaliación** do grao de adquisición das competencias e do logro dos obxectivos de cada ensino e etapa educativa.

A finalidade da Educación Primaria é facilitar aos alumnos e alumnas as aprendizaxes da expresión e comprensión oral, a lectura, a escritura, o cálculo, a adquisición de nocións básicas da cultura, e o hábito de convivencia así como os de estudio e traballo, o sentido artístico, a creatividade e a afectividade, co fin de garantir unha formación integral que contribúa ao pleno desenvolvemento da personalidade dos alumnos e alumnas e de preparalos para cursar con aproveitamento a Educación Secundaria Obrigatoria.

A acción educativa nesta etapa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado e adaptarse aos seus ritmos de traballo.

O COLEXIO

O CEIP Plurilingüe Outeiro das Penas está situado na parroquia de Cesantes, no concello de Redondela.

Este municipio ten unha extensión de 51,97 km e unha poboación de 30.036 habitantes.

Comprende trece parroquias: O Viso, Cesantes, Ventosela, Redondela, Cedeira, Reboreda, Quintela, Trasmañó, Saxamonde, Negros, Cabeiro e Vilar de Infesta.

Así o noso centro recolle unha poboación escolar desta parroquia e maila do Viso. Os seus principais barrios son Outeiro das Penas, Carballiño, o Coto e San Pedro, pero podemos atopar outros como A Pantalla, Catapeixe ou o Coto do Mexo..

A parroquia ten unha extensión aproximada de 12 kilómetros cadrados.

Malia ser este entorno de ambiente rural e mariñeiro, nos últimos tempos conséntase o descenso do sector primario e un aumento do sector secundario e terciario.

O nivel socioeconómico é medio-baixo. A pesca de baixura, que tivo moita importancia no pasado recente, desapareceu practicamente como actividade principal. Non obstante, dentro do sector económico da pesca, o marisqueo en terra aínda ocupa un porcentaxe considerable.

Os traballadores desta zona, desenvolven tamén a súa actividade nas industriasautomobilísticas, cerámica,alimentaria e téxtil, fundamentalmente.

CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

A materia de Lingua Estranxeira, nas súas distintas modalidades, contribúe de xeito fundamental, ao desenvolvemento da **Competencia en Comunicación Lingüística (CCL)**, non só en segundas linguas senón tamén con respecto ás linguas maternas. Por un lado, a aprendizaxe das segundas

linguas debe aproximarse ao proceso de adquisición das linguas maternas para producir uns resultados de carácter natural e directamente aplicables ao uso lingüístico no mundo real; por outro, a reflexión consciente e o desenvolvemento sistemático de competencias variadas que leva consigo a aprendizaxe de segundas linguas pode estenderse ás linguas maternas co fin de mellorar as competencias nestas para comprender, expresarse, interactuar e articular pensamentos e sentimentos sobre un mesmo, o outro, e o ámbito mental e físico no que se actúa e se constrúen as relacións como axente social.

Na programación de unidades didácticas podemos ver como se practica esta competencia ao longo de todo o curso, xa que en todas as actividades das distintas unidades se utiliza a linguaxe como instrumento de comunicación. Podemos atopar exemplos nesta programación tales como cantar cancións ou contar contos.

O carácter dinámico da lingua, tamén está presente nas **COMPETENCIAS EN CIENCIA E TECNOLOXÍA (CMCT)** e outras áreas de coñecemento, ás que a Lingua Estranxeira pode contribuír facilitando e expandindo o acceso a datos, procedementos e técnicas de investigación; facendo posible un intercambio máis directo e frutífero entre comunidades científicas, e propiciando a construción conxunta do saber humano.

De xeito indirecto, nesta programación estamos favorecendo que o alumnado aprenda a interpretar correctamente os enunciados dos problemas matemáticos. En cada unidade podemos atopar actividades que fan referencia á comprensión, tanto global como específica, de instrucións en textos orais e escritos. Aparte disto, nesta programación podemos atopar exemplos da competencia matemática onde *os alumnos* aprenden a contar do 1 ao 20, ou no resto de unidades onde os alumnos numeran distintos obxectos relacionados co tema da unidade a medida que os escoitan.

Neste e en calquera outro ámbito, a actividade lingüística realízase en gran parte hoxe en día a través de medios tecnolóxicos. Estes medios están recollidos no currículo como soportes naturais dos textos orais ou escritos que o alumno haberá de producir, comprender e procesar, polo que a **COMPETENCIA DIXITAL (CD)** se entende como parte substancial da competencia comunicativa.

O uso das tecnoloxías da información e a comunicación debe ter importantes repercusións no xeito en que as linguas estranxeiras ensinan e se aprenden, e as necesarias innovacións neste campo han de basearse nun novo concepto da lingua, que non é algo que meramente se sabe, senón, fundamentalmente, algo que a persoa fai.

Moitas das actividades plantexadas están apoiadas no soporte tecnolóxico a través do uso do proxector e o boomerang que converte a pizarra en interactiva e a través da cal proxéctanse

actividades multimedia interactivas.

No proceso mesmo de aprendizaxe desenvólvese outra competencia clave, a de **APRENDER A APRENDER (CAA)**, polo que o currículo incide no carácter procedimental de todos os seus elementos constituintes e das súas relacións. Os contidos necesarios para alcanzar os estándares de aprendizaxe, o grao de adquisición do cal se valora aplicando os criterios de avaliación descritos así mesmo como accións, son considerados como contidos *competenciais*, isto é todo aquilo que o alumno debe, simultaneamente, saber, saber utilizar e saber incorporar ao seu perfil de competencias. O currículo axuda ao alumno a desenvolver a capacidade de aprender a aprender comezando por establecer de xeito transparente e coherente os obxectivos ou resultados pretendidos, que teñen que facer os estudantes como falantes da lingua estranxeira mediante o seu uso; determinando o que necesitan aprender para alcanzar eses obxectivos, e indicando as estratexias que poden aplicar para conseguilo. Marcarse obxectivos de diverso carácter segundo as necesidades de construción do perfil persoal de competencias é, así mesmo, o primeiro paso para unha eficaz aprendizaxe autónoma e ao longo da vida.

Como a linguaxe é o medio de transmisión do pensamento e a ferramenta de aprendizaxe por excelencia, a materia de lingua estranxeira contribúe de xeito fundamental ao desenvolvemento da competencia para aprender a aprender porque ofrece máis posibilidades e recursos diferentes para comprender, interpretar, expresar opinións ou sentimentos e emocións e formular hipótese de funcionamento da lingua. Os contidos necesarios para a adquisición desta competencia vense claramente reflectidos nesta programación, onde os alumnos teñen que ser capaces de desenvolver estratexias para comprender o proceso de aprendizaxe.

O uso efectivo de linguas estranxeiras supón necesariamente unha visión aberta e positiva destas relacións cos demais, visión que se materializa en actitudes de valoración e respecto cara a todas as linguas e culturas, cara a outras persoas os usos da cal, valores e crenzas difiren dos propios, así como na apreciación do carácter relativo de costumes, prácticas e ideas, circunstancia que debe entenderse como unha oportunidade única de enriquecemento mutuo e de evitación ou resolución de conflitos de xeito satisfactorio para todas as partes.

As **COMPETENCIAS SOCIAIS E CÍVICAS (CSC)**, e a **CONCIENCIA E A EXPRESIÓN CULTURAIS (CCEC)**, tanto as circunscritas aos ámbitos máis inmediatos como as propias de ámbitos cada vez máis amplos de actuación, forman, así, parte das habilidades que comprende unha competencia intercultural integrada na aprendizaxe de linguas estranxeiras.

Podemos atopar **exemplos** desta competencia nesta programación onde os alumnos aprenden a importancia de respectar a forma de vestir tradicional doutras culturas onde comprenden a

importancia de levar unha dieta equilibrada para estar sans, ou na que aprenden a importancia de manter as praias limpas e de reciclar para protexer o medio.

A **CONCIENCIA E A EXPRESIÓN CULTURAIS (CCEC)** supón ademais coñecer, comprender, apreciar e valorar criticamente diferentes manifestacións culturais e artísticas, utilízalas como fonte de enriquecemento e desfrute e consideralas como parte do patrimonio dos pobos.

Esta programación inclúe exemplos relacionados con cuestións culturais (debuxar e colorear debuxos, cantar cancións e raps, confeccionar *flashcards*, facer manualidades para as unidades de festividades, etc.), e polo tanto, contribúe á adquisición da competencia.

O enfoque orientado a acción adoptado en currículo concéntrase no alumno, que é quen aprende, constrúe as súas competencias e utilízalas, tanto para levar a cabo as tarefas de aprendizaxe na aula como as que demanda a comunicación real. Polo tanto, a materia de Lingua Estranxeira contribúe decisivamente ao desenvolvemento do **SENTIDO DA INICIATIVA (SIE)**, en especial polo que respecta ás actividades de expresión e interacción oral e escrita, nas que, dende a súa mesma planificación, o alumno ha de tomar decisións sobre que dicir e como facelo, a través de qué canle e con qué medios, en qué circunstancias e dependendo de qué expectativas e reaccións dos interlocutores ou correspondentes, todo iso co fin de cumprir o propósito comunicativo que persegue co maior grao posible de éxito. A elección e aplicación consciente das estratexias de comunicación, de organización do discurso, de control sobre a súa execución e de reparación deste, preparan os alumnos para asumir as súas responsabilidades, atopar seguridade nas súas propias capacidades, reforzar a súa identidade e regular o seu comportamento.

A articulación clara e convincente de pensamentos e ideas e a capacidade de asumir riscos, xunto coa xestión axeitada da interacción e o estímulo que supón comunicarse noutras linguas para afrontar novos retos ou resolver problemas en escenarios complexos, é fundamentais no desenvolvemento do **espírito emprendedor**. As linguas estranxeiras son ademais a porta a un mundo de infinitas posibilidades no terreo laboral e profesional, e o currículo pretende fomentar o emprendimento como actitude ante a vida incorporando actividades concretas nas que o alumno aprende a ser crítico, creativo e comprometido tamén nestes contextos.

O coñecemento dunha lingua estranxeira contribúe á adquisición da competencia porque fomenta o traballo cooperativo na aula e as habilidades sociais (poñerse no lugar do outro, valorar as ideas dos demais, dialogar,...) e porque permite o desenvolvemento de iniciativas sobre a planificación, organización e xestión do traballo, propiciando deste xeito a iniciativa e o espírito emprendedor. O respecto polas opinións dos demais, a organización dos materiais de estudio, e o fomento do traballo cooperativo, entre outros, están presentes en todas as unidades .

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS. CURSO 1º

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	C C L	CM CT	C D	C A A	CSC	CSIEE
PLEB1.1. Comprende a información esencial dun conto, rima ou canción moi breves e sinxelos, previamente traballados, emitidos lentamente, cunha pronuncia ben articulada, e con apoios visuais moi redundantes que axuden á comprensión.	X					
PLEB1.2. Comprende vocabulario moi elemental e sinxelo sobre temas familiares acompañados de imaxes que os ilustran con claridade.	X					
PLEB1.3. Comprende preguntas moi básicas sobre si mesmo/a (nome, idade, gustos...) e a información igualmente básica sobre outras persoas.	X			X		
PLEB1.4. Sigue instrucións e comprende peticións relativas á vida escolar máis básica (abrir/pechar o libro, sentar, dar un lapis...).	X					
PLEB2.1. Fai presentacións moi breves e elementais previamente preparadas e ensaiadas sobre temas moi próximos a si mesmo/a (dicir o seu nome, idade, a súa cor favorita, presentar á súa familia, indicar os seus gustos) cunha pronuncia e entoación comprensibles.	X					
PLEB2.3. Amosa unha actitude de escoita atenta.	X				X	
PLEB2.4. Reproduce comprensiblemente textos orais moi sinxelos e breves (p.e. cancións, rimas) aprendidos a través de xogos.	X				X	
PLEB3.1. Comprende palabras e frases moi sinxelas escritas, relacionadas cos temas traballados.	X					

PLEB3.2. Comprende a idea principal dunha historia moi elemental acompañada de apoio visual e identifica os e as personaxes principais.	X					
PLEB3.3. Fai hipóteses sobre o tema dun texto elemental a partir do título do mesmo e das imaxes que o ilustran.	X			X		
PLEB3.4. Le en voz alta textos moi breves, moi elementais e previamente traballados de forma oral, con entoación e pronuncia comprensibles e, se cumprixe, rectificando espontaneamente	X			X		
PLEB4.1. Escribe palabras relacionadas do vocabulario traballado	X					
PLEB4.3. Escribe frases moi sinxelas, lexibles, organizadas con coherencia na súa secuencia e con léxico relacionado co tema da escritura.	X					
PLEB5.2. Recoñece e utiliza fórmulas básicas de relación social.	X				X	
PLEB5.3. Participa voluntariamente nas actividades de aula e amosa curiosidade pola lingua e por coñecer aspectos socioculturais dos países onde se fala.	X					X
PLEB5.4. Diferenza saúdos de despedidas e o uso fórmulas de cortesía (Please, thank you, excuse me	X				X	
PLEB5.6. Expresa e identifica estados de ánimo básicos (happy, sad...)	X					
§ PLEB5.8. Estrutura adecuadamente os elementos das oracións, mantén a concordancia de número e usa correctamente os nexos	X					

básicos.						
§ PLEB5.9. Diferenza preguntas e respostas moi simples.	X					
§ PLEB5.10. Memoriza rutinas lingüísticas básicas e moi sinxelas para, por exemplo, desenvolverse nas interaccións de aula.	X					
§ PLEB5.11. Participa activamente en xogos de letras, elaboración de glosarios ilustrados etc.	X				X	
§ PLEB5.12. Comprende e usa adecuadamente o vocabulario básico necesario para participar nas interaccións de aula, ler textos infantís moi sinxelos e escribir con léxico traballado previamente.	X				X	

CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS E COMPETENCIAS. CURSO 1º

- Saudar e despedirse CCL, CSC
- Identificar as cores CCL, CMCT, CAA
- Identificar os números do 1 ao 10 CCL, CMCT, CAA
- Preguntar o nome e a idade CCL, CMCT, CSC
- escoitar os raps e repetilos CCL, CMCT, CCEC, CAA
- escoitar cancións e cantalas CCL, CCEC, CAA
- Facer mini-flashcards para xogar a xogos de comunicación CCL, CMCT, CCEC, CAA, SIE
- escoitar e entender os contos CCL, CCEC
- **Volver contar o conto CCL, CCEC, CAA, SIE**
- Dar a súa opinión sobre os contos CCL, SIE
- escoitar e recitar un diálogo curto CCL, CSC, CAA, SIE
- Asociar debuxos con significados CCL, CCEC, CAA
- Identificar membros da familia CCL, CMCT, CSC, CAA
- Facer e responder preguntas sobre a súa familia CCL, CSC, CCEC, CAA, SIE
- Identificar diferentes partes do corpo CCL, CMCT, CAA
- Facer e responder preguntas sobre partes do corpo CCL, CMCT, CAA, SIE
- Identificar diferentes alimentos CCL, CMCT, CCEC, CAA
- Facer e responder preguntas sobre alimentos CCL, CSC, CCEC, CAA, SIE
- **Identificar diferentes animais CCCT, CAA**

- L, CMFacer e responder preguntas sobre animais CCL, CMCT, CAA, SIE
- Identificar diferentes xoguetes CCL,CMCT,CAA
- Facer e responder preguntas sobre xoguetes CCL,CSC,CCEC,CAA,SIE

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS. CURSO 2º

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	CCL	CMCT	CD	CAA	CSC
PLEB1.1. Comprende a información esencial dun conto, rima ou canción moi breves e sinxelos, previamente traballados, emitidos lentamente, cunha pronuncia ben articulada, e con apoios visuais moi redundantes que axuden á comprensión.	X				
PLEB1.2. Comprende vocabulario moi elemental e sinxelo sobre temas familiares acompañados de imaxes que os ilustran con claridade.	X				
PLEB1.3. Comprende preguntas moi básicas sobre si mesmo/a (nome, idade, gustos...) e a información igualmente básica sobre outras persoas.	X			X	
PLEB1.4. Sigue instrucións e comprende peticións relativas á vida escolar máis básica (abrir/pechar o libro, sentar, dar un lapis...).	X				
PLEB2.1. Fai presentacións moi breves e elementais previamente preparadas e ensaiadas sobre temas moi próximos a si mesmo/a (dicir o seu nome, idade, a súa cor favorita, presentar á súa familia, indicar os seus gustos, describir animais de forma sinxela) cunha pronuncia e entoación comprensibles.	X				
PLEB2.3. Amosa unha actitude de escoita atenta.	X				X
PLEB2.4. Reproduce comprensiblemente textos orais moi sinxelos e breves (p.e. cancións, rimas) aprendidos a través de xogos.					X

PLEB3.1. Comprende palabras e frases moi sinxelas escritas, relacionadas cos temas traballados.	X				
PLEB3.2. Comprende a idea principal dunha historia moi elemental acompañada de apoio visual e identifica os e as personaxes principais.	X				
PLEB3.3. Fai hipóteses sobre o tema dun texto elemental a partir do título do mesmo e das imaxes que o ilustran.	x			x	
PLEB3.4. Le en voz alta textos moi breves, moi elementais e previamente traballados de forma oral, con entoación e pronuncia comprensibles e, se cumprise, rectificando espontaneamente	X			X	
PLEB4.1. Escribe palabras relacionadas coa súa imaxe e a súa vida cotiá.	X				
PLEB4.2. Escribe pequenos diálogos ou narracións moi sinxelas e breves seguindo un modelo dado e respectando a estrutura gramatical máis sinxela.	X				
PLEB4.3. Escribe frases moi sinxelas, lexibles, organizadas con coherencia na súa secuencia e con léxico relacionado co tema da escritura.	X				
PLEB4.4. Revisa o texto antes de facer a súa versión definitiva, elaborando borradores nos que se observa a reparación da ortografía e doutros aspectos relacionados coa secuencia adecuada das frases e mesmo a pertinencia das	X			X	

ilustracións, se é o caso.					
PLEB5.1. Identifica aspectos básicos da vida cotiá dos países onde se fala a lingua estranxeira (horarios, comidas, festas ...) e compáraos cos propios, amosando unha actitude de apertura cara ao diferente.					X
PLEB5.2. Recoñece e utiliza fórmulas básicas de relación social.	X				X
PLEB5.3. Participa voluntariamente nas actividades de aula e amosa curiosidade pola lingua e por coñecer aspectos socioculturais dos países onde se fala.	X				
PLEB5.4. Diferenza saúdos de despedidas e o uso fórmulas de cortesía (Please, thank you, excuse me	X				X
PLEB5.5. Pregunta e responde de xeito comprensible sobre aspectos persoais moi básicos nome, idade e gustos) e da súa contorna (obxectos, espazos e seres vivos).	X				
PLEB5.6. Expresa e identifica estados de ánimo básicos (happy, sad...)	X				
§ PLEB5.8. Estrutura adecuadamente os elementos das oracións, mantén a concordancia de número e usa correctamente os nexos básicos.	X				
§ PLEB5.9. Diferenza preguntas e respostas moi simples.	X				

§ LLEB5.10. Memoriza rutinas lingüísticas básicas e moi sinxelas para, por exemplo, desenvolverse nas interaccións de aula.	X				
§ PLEB5.11. Participa activamente en xogos de letras, elaboración de glosarios ilustrados etc.	X				X
§ PLEB5.12. Comprende e usa adecuadamente o vocabulario básico necesario para participar nas interaccións de aula, ler textos infantís moi sinxelos e escribir con léxico traballado previamente.	X				X

CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS E COMPETENCIAS. CURSO 2º

- Saudar e despedirse CCL, CSC
- Identificar as cores CCL, CMCT, CAA
- Identificar os números do 1 ao 20 CCL, CMCT, CAA
- Preguntar o nome e a idade CCL, CMCT, CSC
- Preguntar sobre gustos (comida, **animais...**) CCL, CMCT, CSC
- escoitar os raps e repetilos CCL, CMCT, CCEC, CAA
- escoitar cancións e cantalas CCL, CCEC, CAA
- Facer mini-flashcards para xogar a xogos de comunicación CCL, CMCT, CCEC, CAA, SIE
- escoitar e entender os contos CCL, CCEC
- Volver contar o conto CCL, CCEC, CAA, SIE
- Dar a súa opinión sobre os contos CCL, SIE
- escoitar e recitar un diálogo curto CCL, CSC, CAA, SIE
- Asociar debuxos con significados CCL, CCEC, CAA
- Identificar membros da familia e da casa CCL, CMCT, CSC, CAA
- Facer e responder preguntas sobre a súa familia e partes da casa CCL, CSC, CCEC, CAA, SIE
- Identificar diferentes partes do corpo e prendas de roupa básica CCL, CMCT, CAA
- Facer e responder preguntas sobre partes do corpo e a roupa que levan posta CCL, CMCT, CAA, SIE

- Identificar diferentes alimentos CCL, CMCT, CCEC, CAA
- Facer e responder preguntas sobre alimentos CCL, CSC, CCEC, CAA, SIE
- Identificar diferentes animais CCL, CMCT, CAA
- Facer e responder preguntas sobre animais CCL, CMCT, CAA, SIE
- Identificar diferentes actividades CCL, CMCT, CSC, CCEC, CAA
- Facer e responder preguntas sobre actividades

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS. CURSO 3º

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	CCL	CMCT	CD	CAA	CSC
PLEB1.1. Comprende a información esencial dun conto, rima ou canción moi breves e sinxelos, previamente traballados, emitidos lentamente, cunha pronuncia ben articulada, e con apoios visuais moi redundantes que axuden á comprensión.	X				
PLEB1.2. Comprende vocabulario moi elemental e sinxelo sobre temas familiares acompañados de imaxes que os ilustran con claridade.	X				
PLEB1.3. Comprende preguntas moi básicas sobre si mesmo/a (nome, idade, gustos...) e a información igualmente básica sobre outras persoas.	X			X	
PLEB1.4. Sigue instrucións e comprende peticións relativas á vida escolar máis básica (abrir/pechar o libro, sentar, dar un lapis...).	X				
PLEB2.1. Fai presentacións moi breves e elementais previamente preparadas e ensaiadas	X				

sobre temas moi próximos a si mesmo/a (dicir o seu nome, idade, a súa cor favorita, presentar á súa familia, indicar os seus gustos, describir animais de forma sinxela) cunha pronuncia e entoación comprensibles.					
PLEB2.3. Amosa unha actitude de escoita atenta.	X				X
PLEB2.4. Reproduce comprensiblemente textos orais moi sinxelos e breves (p.e. cancións, rimas) aprendidos a través de xogos.	x				X
PLEB3.1. Comprende palabras e frases moi sinxelas escritas, relacionadas cos temas traballados.	X				
PLEB3.2. Comprende a idea principal dunha historia moi elemental acompañada de apoio visual e identifica os e as personaxes principais.	X				
PLEB3.3. Fai hipóteses sobre o tema dun texto elemental a partir do título do mesmo e das imaxes que o ilustran.	x			x	
PLEB3.4. Le en voz alta textos moi breves, moi elementais e previamente traballados de forma oral, con entoación e pronuncia comprensibles e, se cumprise, rectificando espontaneamente	X			X	
PLEB4.1. Escribe palabras relacionadas coa súa	X				

imaxe e a súa vida cotiá.					
PLEB4.2. Escribe pequenos diálogos ou narracións moi sinxelas e breves seguindo un modelo dado e respectando a estrutura gramatical máis sinxela.	X				
PLEB4.3. Escribe frases moi sinxelas, lexibles, organizadas con coherencia na súa secuencia e con léxico relacionado co tema da escritura.	X				
PLEB4.4. Revisa o texto antes de facer a súa versión definitiva, elaborando borradores nos que se observa a reparación da ortografía e doutros aspectos relacionados coa secuencia adecuada das frases e mesmo a pertinencia das ilustracións, se é o caso.	X			X	
PLEB5.1. Identifica aspectos básicos da vida cotiá dos países onde se fala a lingua estranxeira (horarios, comidas, festas ...) e compáraos cos propios, amosando unha actitude de apertura cara ao diferente.					X
PLEB5.2. Recoñece e utiliza fórmulas básicas de relación social.	X				X
PLEB5.3. Participa voluntariamente nas actividades de aula e amosa curiosidade pola lingua e por coñecer aspectos socioculturais dos países onde se fala.	X				
	X				X

PLEB5.4. Diferenza saúdos de despedidas e o uso fórmulas de cortesía (Please, thank you, excuse me					
PLEB5.5. Pregunta e responde de xeito comprensible sobre aspectos persoais moi básicos (nome, idade e gustos) e da súa contorna (obxectos, espazos ere ses vivos).	X				
PLEB5.6. Expresa e identifica estados de ánimo básicos (happy, sad...)	X				
§ PLEB5.8. Estructura adecuadamente os elementos das oracións, mantén a concordancia de número e usa correctamente os nexos básicos.	X				
§ PLEB5.9. Diferenza preguntas e respostas moi simples.	X				
§ PLEB5.10. Memoriza rutinas lingüísticas básicas e moi sinxelas para, por exemplo, desenvolverse nas interaccións de aula.	X				
§ PLEB5.11. Participa activamente en xogos de letras, elaboración de glosarios ilustrados etc.	X				X
§ PLEB5.12. Comprende e usa adecuadamente o vocabulario básico necesario para participar nas interaccións de aula, ler textos infantís moi sinxelos e escribir con léxico traballado previamente.	X				X

CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS E COMPETENCIAS. CURSO 3º

- Saudar e despedirse CCL, CSC
- Identificar as cores CCL, CMCT, CAA
- Identificar os números do 1 ao 20 CCL, CMCT, CAA
- Preguntar o nome e a idade CCL, CMCT, CSC
- Preguntar sobre gustos (comida, **animais...**) CCL, CMCT, CSC
- escoitar os raps e repetilos CCL, CMCT, CCEC, CAA
- escoitar cancións e cantalas CCL, CCEC, CAA
- Facer mini-flashcards para xogar a xogos de comunicación CCL, CMCT, CCEC, CAA, SIE
- escoitar e entender os contos CCL, CCEC
- Volver contar o conto CCL, CCEC, CAA, SIE
- Dar a súa opinión sobre os contos CCL, SIE
- escoitar e recitar un diálogo curto CCL, CSC, CAA, SIE
- Asociar debuxos con significados CCL, CCEC, CAA
- Identificar membros da familia e da casa CCL, CMCT, CSC, CAA
- Facer e responder preguntas sobre a súa familia e partes da casa CCL, CSC, CCEC, CAA, SIE
- Identificar diferentes partes do corpo e prendas de roupa básica CCL, CMCT, CAA
- Facer e responder preguntas sobre partes do corpo e a roupa que levan posta CCL, CMCT, CAA, SIE
- Identificar diferentes alimentos CCL, CMCT, CCEC, CAA
- Facer e responder preguntas sobre alimentos CCL, CSC, CCEC, CAA, SIE
- **Identificar diferentes animais CCL, CMCT, CAA**
- **Facer e responder preguntas sobre animais CCL, CMCT, CAA, SIE**
- Identificar diferentes actividades CCL, CMCT, CSC, CCEC, CAA
- Facer e responder preguntas sobre actividades

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES

Os estándares da 1ª e 2ª avaliación son aqueles que estamos a reforzar ou repasar neste 3º trimestre .Neste sentido , a maioría dos estándares ,ou polo menos, os máis importantes ou imprescindibles ,están xeralmente traballados,exceptuando só aqueles propios da materia (referentes aos contidos),que estaban programados para o 3º trimestre (os cales están marcados en vermello).

TEMPORALIZACIÓN DOS CONTIDOS E UNIDADES DIDACTICAS

1º TRIMESTRE

- Avaliación inicial e Coñecementos previos.
- O colexio.
- Tempo libre e actividades.
- A comida.
- Halloween / Samaín. Thanksgiving. Nadal “Christmas”
- Repaso contidos /Avaliación

2º TRIMESTRE

- O corpo.
- A paz
- Entroido e a roupa.
- A familia e a casa.
- Easter
- Repaso contidos /Avaliación

3º TRIMESTRE

- **A cidade/campo**
- **Os animais**
- **Despedida.**
- **teacher appreciation week**

As unidades didácticas son as as mesmas para estes niveis de primaria variando o nivel de inmersión lingüística, a amplitude dos contidos a traballar e a dificultade nas estruturas a traballar.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN XERAIS

SPEAKING & LISTENING	50%
READING & WRITING	20%
TRABALLO PERSOAL, ACTITUDE E COMPORTAMENTO (OBSERVACIÓN)	20%
COIDADADO DO MATERIAL, OUTRAS ACTIVIDADES E TAREFAS	10%

CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS

A metodoloxía seguida está centrada nas catro destrezas:

- *reading*.

- *writing*,

- *listening*.

- *speaking*.

- Vocabulario e gramática

A linguaxe nova preséntase en relación co tema de cada unidade. Introdúcese a partir de historias, diálogos, cancións, valores e outras materias do currículo.

- Historias, cancións, videos e fotos ...

Cada unidade introdúcese unha historia, unha canción, un viideo... no que aparecen novas palabras nun contexto divertido e motivador. Isto ermite ademais a revisión cíclica de estruturas lingüísticas xa estudadas e proporcionan novas oportunidades para practicar o xa visto.

- A dramatización e cinestesia (drama and Total Physical Response)

Os estudantes de calquera idade, especialmente aqueles dotados para o movemento, benefíciense dos métodos que asocian a linguaxe coas accións. Canto máis se relaciona a linguaxe corporal co proceso de aprendizaxe, máis probable é que os estudantes absorban e reteñan a información. Por esta razón, aos nenos ensínanselles accións que acompañan ás cancións ou as historias. Neste proxecto os nenos teñen a oportunidade de representar as historias e escenificar obras sinxelas. Un dos principais obstáculos para a aprendizaxe da linguaxe a calquera idade é a auto-percepción. O teatro apela á imaxinación dos nenos e é unha forma excelente de que se metan nas historias e melloren a súa habilidade comunicativa. Así os nenos aprenderán a comunicarse e facerse entender e desenvolverán destrezas que permitirán que se expresen cunha maior fluidez en situacións reais cotiás ao practicar en clase cunha historia antes de vivir nun contexto real a mesma situación.

- Valores

Os valores ou educación cívica son parte fundamental do proxecto. É imprescindible centrarse nos nenos como persoas máis alá das súas habilidades lingüísticas e mellorar o seu comportamento e desenvolvemento de boas actitudes; ademais de ensinalles como o seu comportamento repercute no seu ámbito e os que os rodean.

ACTIVIDADES

En canto ao tipo de **actividades** mencionar que se levarán a cabo diferentes tipos de actividades:

- **Actividades de inicio de lección**

Trátase de activar os coñecementos previos dos alumnos nos temas novos que se van traballar ou de repasar os xa traballados. Isto adóitase facer a través de actividades de brainstorming ou actividades de repaso, mediante xogos, intercambios comunicativos con soporte de flashcards, posters, cancións, etc.

- **De desenvolvemento da lección**

Cada unha das unidades inclúe diferentes tipos de actividades que apelan ás intelixencias múltiples e que están destinadas a facilitar a adquisición, fixación, evolución e mellora das diversas destrezas que conforman a maior parte de competencia da lingua inglesa. Estas actividades son:

- Cancións (*songs*) e xogos (*games*).
- Actividades de lecto-escritura (*pencil activities*).
- Historias (*stories*).
- *Cut-outs*.
- Actividades de pronunciación (*pronunciation activities*).
- Actividades intercurriculais (*cross-curricular activities*).

- **De reforzo e ampliación**

O proxecto parte do recoñecemento de que en toda clase hai alumnos/as con diferentes estilos e ritmos de aprendizaxe e diferentes niveis de motivación, ao tempo que persegue o obxectivo de que todo alumno/a participe no proceso de aprendizaxe con plena satisfacción e alcance o éxito de acordo ao seu nivel de capacidade e interese.

A diversidade de exercicios e actividades utilizados nos materiais posibilita que todos os alumnos/ás poidan encontrar algún que estea de acordo co seu estilo e ritmo de aprendizaxe.

Algunhas destas actividades actúan como unha extensión para aqueles alumnos sen dificultades, e outras ofrecen un reforzo para aqueles que necesitan máis apoio.

- **De desenvolvemento de competencias clave**

Algunhas actividades contribúen máis especificamente ó desenvolvemento dunha ou varias competencias básicas, entre as que se incluírían:

- *Brainstorming*
- *Role-plays*
- Actividades interactivas
- Actividades na pizarra dixital
- Actividades baseadas en distintos soportes
- Actividades de investigación ou estudos de casos
- Actividades en grupo
- Interpretacións de datos, gráficas, etc.
- Textos culturais, cancións, rimas, etc.
- Actividades nas que se traballan as emocións

METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE

A metodoloxía seguida no 3º trimestre levarase a cabo con propostas de actividades para que o alumnado continúe o proceso educativo nos seus domicilios e irá dirixida a que sigan en contacto coa Lingua Inglesa a través do recuncho TIC da páxina web do colexio dedicado a esta Lingua mediante cancións, xogos, e distintas actividades interactivas. Asemesmo enviando traballo (exercicios, fichas, vídeos, cancións...) e mantendo o contacto co alumnado a través do correo electrónico creado para este fin.

Sinalar que os contidos desta fase final de curso, sen o alumnado nas aulas, compóñese de actividades de repaso, reforzo e consolidación do temario xa traballado na fase presencial, sen incorporar contidos de ampliación.

- **De avaliación**

A avaliación da aprendizaxe en Educación Primaria será continua e global e terá en conta o progreso do alumno no conxunto das áreas do currículo. O profesor avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado e o seu nivel de logro das competencias coma os procesos de ensino e a súa propia práctica docente.

Haberá unha avaliación inicial ao principio de curso para coñecer o punto en que se atopan os alumnos, así como actividades de reforzo dos contidos dados no ano anterior antes de comenzar

co novo curso. Levarase a cabo unha avaliación continua a través da observación na aula, da participación nas actividades, do grao de interese e do esforzo por aprender e utilizar a Lingua Inglesa. Tamén se farán probas tanto orais como escritas que axudarán a coñecer as competencias acadadas nas catro destrezas. Para avaliación de contidos faranse probas de control de cada unidade didáctica para comprobar o nivel de adquisición dos principais conceptos.

RECURSOS DIDÁCTICOS E RECURSOS MATERIAIS DO ALUMNADO

O mestre usará diferentes recursos para atraer a atención dos alumnos e facer as clases máis dinámicas entre os que se encontran:

posters, flashcards, marionetas, obxectos reais, xoguetes, imaxes, contos entre outros.

- Material dixital.

- Tarxetas de vocabulario

-

Recursos multimedia varios: CDs de audio que conteñen cancións, historias e audicións. Cd rom, softwares interactivos, dvds, slymbaloo, páxinas web e páxina web do centro. Os recursos multimedia mencionados integran por completo o uso das TIC na aula, permitindo ó profesor adaptar as mellores solucións dixitais de acordo ao alumnado ou ao centro no que se desenvolve o ensino.

DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS A ADOPTAR EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS

Ao principio de curso haberá unha avaliación inicial, destinada a realizar unha valoración da situación de partida dos alumnos ao iniciar o curso e así comprobar o nivel do alumnado, o que orientará o noso traballo. Así a avaliación inicial faise a través de actividades de identificación de vocabulario en posters, "flashcards", imaxes audiovisuais ou "realia". Tamén a través de actividades na que os alumnos terán que debuxar o que escoitan, recoñecendo así oralmente o concepto.

Normalmente despois de tantos meses sen contacto coa lingua inglesa os nenos esqueceron moito do vocabulario que tiñan adquirido a finais de xuño así que se dase esta situación adicaranse as dúas seguintes semanas a repaso dos contidos traballados o curso escolar anterior, e se fose necesario,

retrasarase un pouco máis a programación.

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Nesta etapa porase especial énfase na **atención á diversidade** do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades.

A intervención educativa debe contemplar como principio a **diversidade do alumnado**, entendendo que deste modo se garante o desenvolvemento de todos eles á vez que unha atención personalizada en función das necesidades de cada un.

Os **mecanismos de reforzo** que deberán poñerse en práctica tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe poderán ser tanto organizativos como curriculares. Entre estas medidas poderán considerarse o apoio no grupo ordinario, os agrupamentos flexibles ou as adaptacións do currículo.

No caso da lingua inglesa e dado o nivel só se faría una adaptación curricular en casos moi específicos de alumnos con necesidades específicas.

No caso de ter que facela as *adaptacións curriculares centraranse en:*

- Tempo e ritmo de aprendizaxe
- Metodoloxía máis personalizada
- Reforzar as técnicas de aprendizaxe
- Mellorar os procedementos, hábitos e actitudes
- Enriquecemento curricular
- Avaliacións adaptadas ás necesidades destes alumnos

No caso da lingua inglesa, é difícil contar con apoios na aula ou facer desdobles pero si se poden preparar actividades específicas de reforzo e ampliación.

Non todos os alumnos aprenden do mesmo modo nin ao mesmo ritmo, por iso nesta programación abórdanse as diferenzas de aprendizaxe das seguintes maneiras:

Actividades adicionais para os grupos que traballan máis á présa ou que contan con máis tempo.

Ideas para xogos adicionais coas mini *flashcards*: Estes xogos poden usarse como práctica

adicional, para repasar ou para que os alumnos máis rápidos en rematar xoguen en parellas.

Fast finishers: hai varias actividades por unidade para os alumnos que rematan antes as súas tarefas. Empréganse cando rematan o traballo xeral para consolidar o traballo que xa fixeron.

Para os alumnos que teñen máis dificultades o profesor tentará simplifica-las actividades e facer ela mesma o apoio na aula, explicándolle doutra maneira que a poida entender e parándose máis con estes alumnos. A estes alumnos sempre se tenta sentalos adiante para que o profesor poida observar se están ou non perdidos e poder actuar. Nas probas obxectivas téntase orientalos e darlle certas pistas para que non se perdan e non se frusten e evitar así bloqueos.

ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS

Ao longo do curso levaranse a cabo actividades complementarias relacionadas coas festividades culturais dos países de fala inglesa como “ *Halloween, Thanksgiving day, Christmas, Easter* etc).

MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

As aprendizaxes do alumno deben ser avaliadas sistemática e periodicamente, tanto para medir individualmente os coñecementos e competencias adquiridos e por iso debemos introducir no proceso educativo cantos cambios sexan precisos se a situación o require (cando as aprendizaxes dos alumnos non responden ao que, a priori, se espera deles).

Se partimos de que as Competencias clave supoñen unha aplicación real e práctica de coñecementos, habilidades e actitudes, a forma de comprobar ou avaliar se o alumno as adquiriu é reproducir situacións o máis reais posibles de aplicación, e nestas situacións o habitual é que o alumno se sirva desa bagaxe acumulada (todo tipo de contidos) pero responda, sobre todo, a situacións prácticas.

Por iso, ademais de avaliar a aprendizaxe do alumno, tamén se avalía o proceso de ensino do profesorado e a programación didáctica, polo que quedará incluído un procedemento de avaliación das programacións didácticas e os seus indicadores na proposta pedagóxica do centro. Así mesmo o profesor ten que estar aberta a facer cantas modificacións sexan necesarias dependendo do grupo.

AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

Realizarase sobre as aprendizaxes presenciais desenvolvidas durante o 1º e 2º trimestre do curso. As actividades de repaso e reforzo realizadas dende a declaración do estado de alarma polo Real Decreto 463/2020 consideraranse sempre e cando beneficien ao alumnado.